



Concello de San Cristovo de Cea (Ourense)

Praza Maior, 1. C.P. 32130 Cea-Ourense. Tfno.: 988.282.000 – Fax.: 988.282.008 – C.I.F.: P-3207700-J
E-mail: concellodecea@yahoo.es

B A N D O

TRANSPORTE TES + BUS **UTILIZACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR POLOS VECIÑOS.-**

D. José Luís Valladares Fernández, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de San Cristovo de Cea,

FAGO SABER:

Que sabedores das dificultades para desprazarse con que a cotío se atopan os veciños que non dispoñen de vehículo propio, é polo que, a instancia do Plenario Municipal, se fixeron as oportunas xestións ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que os veciños do Concello puidesen empregar a totalidade das rutas escolares para os seus desprazamentos a Cea.

Nembargantes dita Consellería da Xunta de Galicia, unicamente aprobou o uso compartido das tres rutas que a continuación se detallan, e que se poden empregar a partir do 11 de Febreiro de 2009, no seu horario e itinerario de ida e volta, e sempre que haxa prazas libres.

As únicas rutas autorizadas son as seguintes:

A).- A Regueira, Toubes, Enlace Faramontaos, Outeiro-Louredo, Carreira, Suspiñeiros, Martín.

B).- Tanxil, Boulla, Gamoal, Vilarello

C).- Monteagudo, Vales, Agrosantiño, A Martiñá, Ardesende.

Tamén se poñen en coñecemento de tódolos interesados, as normas básicas de funcionamento do servizo:

1º.- Os usuarios aboarán 1,00 € por cada viaxe que realicen.

2º.- No autobús viaxará unha persoa acompañante adulta, normalmente distinta do conductor, que será a que regule a orde.

3º.- Os usuarios poderán subir e baixar en calquera das paradas da ruta escolar.

4º.- Non poderán subir con vultos, que a xuízo da persoa acompañante, poidan entorpecer o paso.

Tamén se informa aos veciños que, desde as oficinas municipais se está xestionando que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes autorice o uso compartido das restantes rutas, para que deste xeito non se produzan discriminacións entre os veciños.

San Cristovo de Cea a 9 de Febreiro de 2009.
O ALCALDE-PRESIDENTE,